



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 30 DE XANEIRO DO 2023

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o trinta de xaneiro do dous mil vinte e tres, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, D^a Pilar Espinosa Novelle, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira e D. Miguel Tomé López e D^a Margarita López Rodríguez.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez e D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero.

Interventora accidental: María Inmaculada Buján Arias

Non asiste o concelleiro D. Manuel Rodríguez Martínez.

ORDE DO DÍA:

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DO 26 DE DECEMBRO DO 2022.

Sométese a votación a acta do pleno de 26 de decembro do 2022, aprobándose por maioría con trece votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do Partido Socialista e Grupo Mixto e a abstención dos concelleiros do Partido Popular.

**2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF).
Datos das Resolucións das que se da conta: do 21.12.2022 AO 24.01.2022.**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 21.12.2022 e o 24.01.2023.



SECRETARIA

Intervén o Sr. Alcalde que se presentou un escrito da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública con data 30 de xaneiro do 2023 ás 9:03. Manifesta que o regulamento de participación cidadá regula cuestións deste tipo, a maneira de facelo e o tempo.

Sométese a votación a urxencia da intervención dun membro da plataforma sanitaria, co seguinte resultado, por unanimidade.

Intervén D^a Samanta Albarrán agradecendo poder está neste pleno. Gustaríalle facer un pouco de memoria sobre o nacemento da plataforma. Dando lectura a un manifesto sobre a situación da sanidade pública en Monforte de Lemos, dicindo que Monforte non perderá a área sanitaria, e agora Monforte xa non é unha area sanitaria, sendo certo que non sobran os especialistas que á situación actual chegouse por unha serie de circunstancias, non se poden pretender que haxa especialistas se non se dan contratos de estabilidade. Continúa falando da perda de especialistas. Fala de que a plataforma solicita o apoio nas mobilizacións que realicen pola sanidade. Recorda que cada xesto conta, falando das mobilizacións que se fixeron en Verín, Monforte non vai quedar calado, poden estar seguros que a administración non escoita.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que eles dende a súa organización que representa manifesta o total apoio á plataforma.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que teñen o seu total apoio e apoian as mobilizacións, gustaríalle saber tamén si xa se ten unha reunión co xerente executivo.

Intervén D^a Katherinie Varela di que dende o Partido Popular di que como xa manifestaron noutras ocasións , di que a eles o que lles prima son os intereses de Monforte de Lemos, obviamente que teñen canles de comunicacións que eles falan das carencias. Por outra banda, amosan o seu apoio para se queren canalizar calquera reclamación á Consellería fará o que estea na súa man.

Intervén D^a Pilar Espinosa manifesta que o Grupo Municipal Socialista vai apoiar todas as reivindicacións da plataforma. Neste momento a sanidade pública non é unha sanidade de calidade, o Sergas parece que lles aboca a contratar seguros privados. Si que se realizou unha carta solicitando unha reunión coa xerente do Hospital e co responsable do Centro de Saúde de Monforte, pero nestes momentos non houbo ningún tipo de resposta.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o escrito en sí non propón ningún tipo de acordo , sería bo solicitar da Xunta de Galicia que dote persoal necesario tanto no hospital comarcal como no Centro de Saúde que lles compete a eles. Manifesta o Sr. Alcalde que simplemente quedará constancia na acta do manifesto.

PARTE RESOLUTIVA

4º.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 06.2023: APROBACIÓN CRÉDITO EXTRAORDINARIO NO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA 2023 FINANCIADO CON OPERACIÓN DE CRÉDITO.



SECRETARIA

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE) e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

“ANTECEDENTES:

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 28 de novembro de 2022 o Orzamento do Concello de 2023, e publicada a súa aprobación definitiva no BOP de Lugo de 31/12/2022.

Visto o proxecto de REFORMA INTEGRAL DO POLIDEPORTIVO DE A PINGUELA, que ten un custo de 3.826.678,64 €, para o que se ten solicitada subvención ó abeiro da Orde CUD/1136, de 18 de novembro de 2022, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións e axudas do Consello Superior de Deportes a entidades titulares de instalacións deportivas con capacidade para albergar eventos internacionais, para realizar obras que modernicen ditas instalacións en canto a eficiencia enerxética, inclusión e sustentabilidade, con cargo ós fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Visto que nas previsións iniciais do orzamento non está incluído o importe necesario para a súa execución, é polo que se pretende financiar o gasto coa contratación dunha operación de crédito por importe total do custo do proxecto a expensas da resolución da convocatoria de subvencións.

A modificación orzamentaria que se somete á consideración do Pleno municipal, previo informe da Intervención Municipal, consiste na aprobación dun Crédito Extraordinario (CE 06/2023) nos seguintes termos:

Financiamento: Operación de crédito:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE
913.00	OPERACIÓN DE CRÉDITO	3.826.678,65

Crédito extraordinario: *O presente expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de CRÉDITO EXTRAORDINARIO ten a finalidade de dar cobertura ás obrigas económicas que se desprenden dos seguintes expedientes:*



SECRETARIA

<i>APLICACIÓN</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE DO CRÉDITO EXTRAORDINARIO</i>
342.632.00	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN	3.826.678,65

Visto o anterior, propónse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Crédito Extraordinario 06/2023 co seguinte detalle:

<i>APLICACIÓN</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>INGRESOS</i>	<i>GASTOS</i>
913.00	OPERACIÓN DE CRÉDITO	3.826.678,65	
342.632.00	INSTALACIÓNS DEPORTIVAS. INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN		3.826.678,65

2) Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde que este punto e o seguinte debateranse ao mesmo tempo xa que teñen relación.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que en relación co punto 4 esta modificación orzamentaria traése porque a estas alturas aínda non está liquideado o ano 2022 e polo tanto non poden estar aprobados os remanentes que se produzan, e dada a urxencia de ter que executar esta obra no caso de que se conceda polo Consello Superior de Deportes da axuda solicitada e polo que se trae por esta vía e unha vez que se saiba a contía da subvención. En relación co punto 4 o que se vai facer unha licitación anticipada que está permitido na normativa que se vai contratar o proxecto e a dirección de obra, para que estea contratada a finais de febreiro e en marzo, se asinaría o contrato de obra, e a finais de marzo e principios de abril comenzarían as obras e rematarían a finais do mes de setembro.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que xa que uniou as dúas iniciativas gustaríalle que fose flexible co tempo. Entenden que en relación co punto 3 é a ferramenta necesaria, a falla de previsión ou o que sería máis grave ocultar isto en tempo. A documentación que se pasou fala que o proxecto entregado o día 4 de outubro do 2022, o orzamento fíxose o 28 de novembro, polo tanto esta urxencia da que se fala ben se podía facer daquela, di que eles non están en contra de que actúe no pavillón, é máis teñen traído iniciativas ao respecto. Agora non van confundir o ser necesario co ser prioritario, hai que pensar que actuación vaise facer, visto o proxecto o pavillón, a nivel de infraestruturas no Concello de Monforte estase escasos. Se queren encher no pavillón teñen que preparalo para eventos para o



SECRETARIA

público, sinala que a altura do pavillón non é axeitada para algunhas competicións. Na pista non se vai actuar, en moitas competicións como no baloncesto. Falan de actuacións que eles celebran que se fagan, non entenden se son prioritarias, con respecto ao que falaba vostede de aprobar este crédito extraordinario.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di non entenden esta aprobación de crédito extraordinario, vostede non foi capaz de contestar se realmente isto está pechado, isto é absolutamente legal, entenden que así é, pero o certo é que, vostede a día de hoxe non pode dicir se ese crédito o vai pagar o Concello, ou o vai pagar o Consello Superior de Deportes, non se sabe se vai ter carencia ou senón. Non cubre as necesidades dos clubes, teñen uns informes do técnico de deportes, fala de que non hai pistas non hai horas, os equipos están espallados por pavillóns da Consellería de Educación, teñen problemas coa Gándara, porque non teñen calefacción, vestiarios. Estas obras se saben cando empezar pero non cando rematan, si que é certo que isto esta todo no aire, este é o gasto máis grande que vai facer, e isto non está consensuado absolutamente con ninguén, non falaron con ningún equipo, a vostedes pensaron que o se necesitaba unha infraestrutura para meter 1.200 persoas.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que gobernan a salto de mata. A verdade aprobouse un presuposto fai pouco e agora din que hai endebedarse. É a primeira vez que di de que hai unha opción de cando se liquide o orzamento do ano pasado e cando se poda ver o remanente, pero non se sabe a día de hoxe, simplemente o que se garante e que vai intentar que o 50% do préstamo cunha subvención, que aínda non esta resolta. Ademais non hai información desa operación de préstamo, dixeron que non sabían e non a tiñan, se realmente é verdade que non sabe nada da operación de préstamo que van asinar. Di que non lles parece sería meterse nesta débeda, efectivamente hai goteiras no pavillón, leva moitos anos construído e se necesita o mantemento. O que necesita Monforte é outra instalación nova que é o que realmente se necesita, o que se necesita son máis pistas para facer entrenamentos, non hai unha idea clara do que necesita a cidade. A subvención que se vai solicitar é para reforma de infraestruturas, non se poden esquencer como está a piscina municipal a pista de atletismo.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. Emilio que falla de previsión parecerálle a vostede, cando se depende de axudas externas non as marcamos nós. A axuda foi publicada no mes de novembro, e xa estaban feitos os orzamentos. Isto o Consello Superior de Deportes, son xestións que se veñen facendo dende fai moito tempo. En outubro puido entrar unha memoria valorada, o proxecto se contrata agora coa obra, polo tanto, en fin xa non se fala do mesmo, ocultación ningunha non hai necesidade de ocultar nada. Fala de prioridades, dotar de máis infraestruturas deste tipo hai que ver primeiro se hai o sitio e se a axuda que esta establecida e para facer novo ou para arranxar instalacións que xa existen. Haberá que dotalo de estacionamento, de luz, auga, saneamento, o que non se pode é duplicar o gasto. As prazas son 1.198, con relación ao que di D. Germán cando son subvencións poden dala ou non, tamén é certo que non va a peito descuberto, o que vai dar datos para que os poida manipular, fala de carencia, pois si claro que terá, todo iso se saberá cando se faga a operación de crédito, agora estase aprobando para facela. Esta todo ben informado polos técnicos, cando se faga a licitación. Dille a D^a Katherinie que está todo ben pensando, e di que eles antes de perder a posibilidade de perder 2 millóns de euros, a piscina non inclúe a piscina este tipo de subvención, se o fixera si, porque xa teñen a memoria valorada



SECRETARIA

para arranxar a piscina. Pódese pedir o que se queira pero agora mesmo é para mellorar unha instalación existente.


Intervén D. Emilio José Sánchez di que se contestou a sí mesmo, puido facelo e agora non habería presa. As prioridades foi as que sinalou. A intención desta axuda teña que ser para edificacións existentes, vostede fala de que ten todo ben pensado, por iso está ocultado. Con respecto ás cláusulas de contratación, fala das penalizacións por incumprimento de tempo e demais, o que non ten claro para que a subvención sexa factible ten que estar rematada en tempo e forma o 30 de setembro, algo que vai ser moi complicado. Se esas penalizacións contempla o poder perder a axuda económica, se é por culpa da empresa que o foi habería que reclamarlle, en definitiva eles non poden apoiar unha iniciativa que son 4 millóns de euros, eles non van votar a favor desta iniciativa, vanse abster.

Intervén D. Jaime Vázquez dicindo que se se fai un pavillón novo, non é verdade que de 4 pase a 8. Non sabe porque non fala cos clubes, porque o pavillón non da altura, minto porque lle ven ben dicir iso. Esta todo o rato manipulando datos e números, con 3.800,00 millóns dáballe para dúas pontes, vostedes teñen un técnico de deportes que ten as queixas de todos os clubes de Monforte, será o técnico de deportes si que podería facer de correa de transmisión para que saiban os problemas en deportes en Monforte.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que en canto ao punto da operación de crédito non pode votar a favor porque lle parécelle unha irresponsabilidade endebedarlle cunha obra de 4 millóns de euros, e logo buscar outras alternativas, os cartos que se están gardando para a ponte nova, pois facer outras inversións. Tendo en conta que a cidade teñen necesidades máis necesarios. Ninguén nega que o pavillón da Pinguela necesite certo mantemento, o que se necesita unha instalación nova, non lle parecen ben gastar estes cargos cunha operación de crédito teñen que facelo doutra forma. Cos cartos que ten no remanente facer un proxecto dun pavillón novo, fala de que hai moitos anos que non presenta ningún proxecto de deportes á Xunta. O informe que hai do técnico non enumera as deficiencias do pavillón, nin as especifica. Por todo o exposto a súa votación vai ser en contra.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que débada a que deixou o PP cando comenzo a gobernar o BNG, cando el chegou a alcaldía había 1.700.000,00 euros de débada. Despois fala dos remanentes, se fora facer cos remanentes todo o que piden, onde ían os remanentes, e por outra lado queren que baixen os impostos para que non se teñen os remanentes e non se podan facer inversións. Non se preocupe que se pedirá un pavillón novo á Xunta de Galicia. Soamente ofrecía o Conselleiro de deportes algo para o clube de piragüismo, fixeran vostedes ben o contrato con Aqualia. Dille a D. Germán fala vostede dun pavillón multidisciplinar en Lugo, hai algunha actividade deportiva que non pode xogar coa grada extensible e logo fala de queixas dos clubes, todo o contrario, dille a D. Emilio que son mezcle cousas, a información está toda, aquí hai que dicir o que hai que dicir e se fai con toda a transparencia. Miren vostedes o que hai mellorado en todo Monforte.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez



(Grupo Mixto-Esperta Monforte) e unha abstención de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG).

5º.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA REDACCIÓN DE PROXECTO, DIRECCIÓN FACULTATIVA E EXECUCIÓN DE OBRAS DE “REFORMA DE POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE A PINGUELA DE MONFORTE DE LEMOS” MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN URGENTE.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-ESPERTA MONFORTE) e que se someta á decisión plenaria.

Transcribítese a proposta da Alcaldía:
“ANTECEDENTES

- 1. Anteproyecto Técnico de las obras de “REFORMA DE POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE A PINGUELA DE MONFORTE DE LEMOS” redactado por GEN Arquitectos en septiembre 2022 (NRE 16271/2022, de 04.10.2022) y Adenda de diciembre 2022 (NRE 20850/2022, de 14.12.2022), con un importe total de ejecución IVA incluido de 3.826.678,64 € incluyendo los honorarios de redacción de proyecto y dirección de obra, y un plazo de ejecución de 6 meses (1mes para redacción de proyecto y 5 meses para ejecución de las obras.*
- 2. Informe de la Arquitecta municipal, de fecha 18.01.2023, en el que se pone de manifiesto la necesidad de la contratación de la obra y la especial singularidad de la actuación, que justifica la licitación conjunta de redacción de proyecto y ejecución de obra.*
- 3. Providencia del Concejal de Deportes de 18.01.2023, en la que se dispone que se lleven a cabo todas las actuaciones que resulten oportunas para la contratación hasta su formalización, de conformidad con la legislación vigente, por procedimiento abierto, sin división en lotes, forma de adjudicación concurso con varios criterios y con un plazo de ejecución de 6 meses de la actuación señalada. La tramitación se realizará con carácter de urgente y anticipado al amparo de lo dispuesto en el artículo 119 y en la disposición adicional tercera respectivamente de la LCSP.*
- 4. Pliegos de cláusulas administrativas particulares por lo que se regirá la licitación, de fecha 20.01.2023.*
- 5. Informe jurídico de Secretaría de fecha 20.01.2023, favorable a la tramitación del expediente.*
- 6. Informe de fiscalización de fecha 20.01.2023, favorable a la tramitación del expediente.*

CONSIDERACIONES JURÍDICAS

1.- De acuerdo con el 25.1 de la Ley 7 /1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local (LRBRL) el Ayuntamiento, para la gestión de sus intereses y en el



SECRETARIA

ámbito de sus competencias, puede promover actividades y prestar los servicios públicos que contribuyan a satisfacer las necesidades y aspiraciones de la comunidad vecinal.

2. El artículo 25.2 d) de la LRBRL cita, entre las competencias propias de los Municipios las de “Promoción del deporte e instalaciones deportivas y de ocupación del tiempo libre”.

3. El Ayuntamiento de Monforte de Lemos carece en la actualidad de los medios materiales necesarios, así como, del personal cualificado para la ejecución de la obra, lo que justifica la necesidad de acudir a la contratación externa.

4. Los artículos 156 a 158 de la Ley 9/2017, do 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público por la que se trasponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014,(en adelante LCSP), permiten tramitar el expediente de contratación de esta obra por procedimiento abierto, por razón de su cuantía, ya que su valor estimado es de 3.162.544,33 €, más IVA, inferior por tanto a los 5.350.000 de euros y porque se establecen como criterios de adjudicación conceptos objetivos y conceptos evaluables mediante juicio de valor.

*Por cuanto antecede, al Pleno de la Corporación se eleva la siguiente **PROPUESTA DE ACORDO**:*

1º.-APROBAR el Anteproyecto Técnico de “REFORMA DEL POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE A PINGUELA DE MONFORTE DE LEMOS”, redactado por GEN Arquitectos en septiembre 2022 (NRE 16271/2022, de 04.10.2022) y la adenda de diciembre 2022 (NRE 20850/2022, de 14.12.2022), por un importe total de ejecución IVA incluido de 3.826.678,64 € y un plazo de ejecución de 6 meses.

2º.- APROBAR el expediente de contratación de REDACCIÓN DE PROYECTO, DIRECCIÓN FACULTATIVA Y EJECUCIÓN DE LA OBRA DE REFORMA DE POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE A PINGUELA DE MONFORTE DE LEMOS (EXP. 088-OBPA22) por el importe referido, sometiendo la adjudicación a la condición suspensiva de la efectiva consolidación de los recursos que han de financiar el contrato.

3º.- APROBAR el Pliego de Cláusulas Administrativas que regirá dicha contratación.

4º.- DISPONER la apertura de la adjudicación mediante procedimiento abierto y tramitación anticipada y urgente al amparo de los artículos 119, 156 a 158 y Disposición adicional tercera de la LCSP.”

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, catro votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-Esperta Monforte) e unha abstención de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG).



6º.-DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DUN SEPARADOR HIDRODINÁMICO NO REGATO RÍO SECO, TRAMO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

“Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:

“1º.- Con data 20.01.2023 o Enxeñeiro Técnico Forestal D. José Mariño Méndez presenta o proxecto de DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DUN SEPARADOR HIDRODINÁMICO NO REGATO RÍO SECO, TRAMO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS.

2º.- Existe certificación na Secretaría Xeral acreditativa que no inventario de bens no figura o terreo a expropiar.

3º.- Consta ficha catastral, que figura no apartado 1 do anexo do PROXECTO DE DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DUN SEPARADOR HIDRODINÁMICO NO REGATO RÍO SECO, TRAMO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS, que a titularidade correspóndelle a:

<i>Ref. catastral</i>	<i>Municipio</i>	<i>Titular</i>
<i>2899118PH2029N</i>	<i>MONFORTE DE LEMOS</i>	<i>ANGEL PEREZ</i>

4º.- A Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, en relación cos requisitos previos á expropiación forzosa, establece, no seu artigo 9, que “para proceder á expropiación forzosa será indispensable a previa declaración de utilidade pública ou interese social do fin a que haxa de afectarse o obxecto expropiado.

O artigo 10 do citado corpo legal establece que “a utilidade pública enténdese implícita, en relación coa expropiación de inmobles, en todos os plans de obras e servizos do Estado, Provincia e Municipio.

5º.- O artigo 10 do Real Decreto de 26/04/1957, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa, pola súa banda, no que se refire á declaración de utilidade pública e interese social previa á expropiación forzosa, sinala que “a declaración de utilidade pública e interese social a que se refire o artigo 9 da Lei levará consigo a autorización para expropiar os bens ou dereitos necesarios para a realización das obras ou o establecemento dos Servizos”.



SECRETARIA

O artigo 11 do citado Real Decreto de 26/04/1957 ó regular a declaración de utilidade pública respecto de bens inmuebles previa á expropiación forzosa dispón que “si os bens obxecto da expropiación fueren inmuebles, a declaración de utilidade pública deberá facerse mediante lei aprobada en Cortes”.

Non obstante o apartado 2 do citado artigo dispón que “non será necesaria a promulgación dunha lei formal nos seguintes casos:

a) Cando se trate de obras e servizos comprendidos nos plans do Estado, Provincia ou Municipio, aprobados cos requisitos legais nos que se entenderá implícita aquela declaración.

b) A realización concreta dos plans do Estado deberá ser acordada por orde ministerial, e os da Provincia ou Municipio, polos organismos competentes.”

Con base no anteriormente exposto infórmase favorablemente, que polo Pleno do Concello de Monforte, se adopten os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Proceder a DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DUN SEPARADOR HIDRODINÁMICO NO REGATO RÍO SECO, TRAMO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS, terreo anexo polo vento norte da construción principal de referencia catastral 2899118PH2029N.

SUPERFICIE a expropiar 32 M2

SEGUNDO.- A aprobación do Plan de regularización da ocupación de terreo para a construción dun separador hidrodinámico, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, leva implícita a declaración de utilidade pública, en relación coa expropiación dos bens que nos ocupan. .”

Polo que vai dito e, en base ao mesmo, propónse que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Proceder á DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA DE TERREOS PARA A CONSTRUCCIÓN DUN SEPARADOR HIDRODINÁMICO NO REGATO RÍO SECO, TRAMO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS, terreo anexo polo vento norte da construción principal de referencia catastral 2899118PH2029N.

SUPERFICIE a expropiar 32 M2

SEGUNDO.- Proceder á aprobación do Plan de regularización da ocupación de terreo para a construción dun separador hidrodinámico, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, leva implícita a
Acta do pleno de 30.01.2023

SECRETARIA

declaración de utilidade pública, en relación coa expropiación dos bens que nos ocupan. .”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que dentro d convenio que hai subscrito coa Confederación Hidrográfica hai un diñeiro para execución de obras, para facer esas obras fai falla un trozo de terreo que está pegado ao regato de Rioseco e que fai falla expropiar para instalar ese separador hidrodinámico.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que ven a necesidade de facer, pero eles non saben se certamente é o sitio máis acertado ou non, por iso vanse abster. Sinala que hai que valorar a posibilidade, de que casa ten fiestras abertas cara ese sitio, o propietario poderá botar ese tipo de luces para ese lado.

Intervén D^a Katherinie Varela di que se comprobaron o da Comisión Informativa porque non cadraba o número. Di que os veciños non queren escoitar de quén a culpa nin escoitar se fai vinte anos se fixo unha cousa, ademáis o servizo de auga é unha obriga do Concello, di que eles se teñen as contas a cero é porque unhas normas legais que así lle obriga. En canto a esta obra, o que presentan non saben se ese é o punto máis importante, di que non queren votar en contra, pero non ven que teñan a información suficiente, pero sí que non volvan a Confederación Hidrográfica a facer outra chapuza coma na Pinguela. O que piden se calquera obra que se faga por parte da Confederación Hidrográfica que non se quede nunha obra de xardinería paixaxística.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que cada un ten unha opinión , se de verdade se poñen nerviosos con esta obra do pavillón, esperen non sabe como se van poñer. E logo D^a Katherinie falar á lixeira da obra da Pinguela, cando eles chegaron á alcaldía non se entraba alí. Iso que ocorreu na Pinguela foi unha riada e iso estaba sen consolidar, onde había herba non o levou a terra. Non se preocupen que xa se vai refacer. E logo fala vostede de que a responsabilidade da auga e de que'n goberna, pero é un contrato asinado por vostedes, e que ten un contrato que di quén é o responsable de arranxar as averías. Falan de ese sitio é o máis adecuado, hai unha realidade que para facer as melloras no saneamento é necesario facer este separador hidrodinámico. Dille a D. Emilio o sitio axeitado, foi escollido polos técnicos da Confederación que son os que están facendo este proxecto e o da presa da Pinguela, igual estaba mellor antes, e que a riada non ten culpa ningunha foi culpa da Confederación, soamente hai que ver o arrastre de pedras que levou a riada. En relación coas luces terá que ser segundo a normativa urbanística igual que calquera outro edificio.

Intervén D. Emilio José Sánchez con respecto ao das luces queda claro, con respecto á presa da Pinguela hai unha cousa de sentido común, el é o primeiro en equivocarse pero vostede pregúntalle a calquera e sabían que ía pasar iso. Resulta que a presa se fixo en Galicia e aquí chove, que non se fixo no norte do Sáhara, foi tirar cartos ó río. O propio presidente da Confederación o día que o inauguraron xa se deron de conta que aquilo estaba mal, claro que houbo riadas e as que van vir. Se vostede pensa en botarlle a culpa á home do tempo.

Intervén D^a Katherinie Varela que vostede fala das riadas, obviamente estamos en Galicia, vostede reconece que Monforte ten zonas inundables, se hai un convenio de colaboración



SECRETARIA

na que se poden invertir na cidade, pero o que se pide é que o fagan con seriedade e rigor. Hai que ser máis serio co diñeiro público, vostede anuncie e faga o que queira pero non se endebede moito.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que D^a Katherinie fala de seriedade e rigor, de que os está acusando. Iso de que despois de que pasan as cousas todos o saben, era visto, iso arranxarase vai quedar como estaba antes de que viñera a riada, de todas as maneiras o lóxico é que reforcen as zonas de escollera, polo demáis vai quedar unha maravilla que xa o é, que chama a atención a moitísima xente.

Sometido o asunto a votación, apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

7º.- ALTA INVENTARIO TERREOS CON INSTALACIÓNS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS. MIRADOR DO DUQUE

O ditame é favorable á proposta, con sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-Esperta Monforte) e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

“Visto o informe emitido pola Secretaría Xeral que sinala:

“Antecedentes de feito

O Concello de Monforte de Lemos mediante acordo do Pleno de data 26 de abril do 2021, de Aprobación do Plan de Regularización da Ocupación de Terreos con Instalacións Municipais do Concello de Monforte (Mirador do Duque) Declaración de Utilidade Pública.

Finalizado o trámite correspondente do citado expediente, con data 10.11.2022 asinouse a acta de ocupación dos terreos con instalacións municipais do Concello Mirador do Duque.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- O artigo 44 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala:

“1. Corresponde a los Municipios, Provincias e Islas, en todo caso, y a las demás Entidades locales de carácter territorial, en el supuesto de que así lo prevean las leyes de las Comunidades Autónomas, las siguientes potestades en relación con sus bienes:



- a) *La potestad de investigación.*
- b) *La potestad de deslinde.*
- c) *La potestad de recuperación de oficio.*
- d) *La potestad de desahucio administrativo.*

2. Para la defensa de su patrimonio y para asegurar la adecuada utilización del mismo, las Corporaciones locales también podrán establecer e imponer sanciones de acuerdo con lo previsto en la normativa sectorial aplicable.”

Segundo.- O artigo 17.1 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala: “ Las Corporaciones locales están obrigadas a formar inventario de todos sus bienes y derechos, cualquiera que sea su naturaleza o forma de adquisición.”

Con base no anteriormente exposto, a xuízo do que subscribe, procede dar de alta no inventario de bens do Concello os terreos con instalacións municipais do Concello Mirador do Duque (ref. Catastral 27031A16100008), sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario. “

Con base no anteriormente exposto, de conformidade co establecido no artigo 111 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, e o artigo 285 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, PROPOÑO que o Pleno do Concello de Monforte de Lemos, adopte os seguintes acordos:

Dar de alta no inventario de bens do Concello os terreos con instalacións municipais do Concello Mirador do Duque (ref. Catastral 27031A16100008), sen perxuízo do cumprimento do disposto no artigo 33 do citado Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, sobre a rectificación anual do inventario. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde explicando a proposta. Trátase agora de dar de alta no inventario de bens municipais os terreos do Mirador do Duque.

Intervén D. Emilio José Sánchez como din xa se fixo no seu día os inicios destes trámites e foron coñecedores do mesmo. Di que eles van votar a favor.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosa o seu voto a favor.

Intervén D^a Katherinie Varela manifesta que é a segunda vez que a acusa de cometer un delito, di que ela non acusa de ningún delito ela opina e fala da súa xestión, ao final o que vai cometer o delito vai ser vostede. Porfavor utilice argumentos máis contundentes. Centrados neste punto parécelle ben que se queiran dar de alta no inventario os bens do Concello que están nas instalacións do Mirador do Duque. Aproveita para dicir que a
Acta do pleno de 30.01.2023



SECRETARIA

xestión de turismo do seu goberno, na que deciden externalizar a xestión, a xestión do Concello en turismo debe ser de forma directa, o mirador debe estar promocionado doutra forma. Gustaríalle saber se houbo algunha promoción do Mirador do Duque, saben que se promocionou o Románico, botan de menos que este mirador de promocióne dunha maneira máis específica.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que el dixo que acusar de administración desleal se iso é falso é un delito. Faille gracia algunhas cuestións, quén privatizou o turismo en Monforte, vostede mire, igual que o servizo de auga, quén o privatizou, porque era público. Pero el agora o tería que xestionar directamente non pode quitar un concurso. E logo fala do Mirador, está en todas as promocións, está en todas as fotos de promocións, sae o Mirador do Duque sempre, mire un pouquiño como é a cuestión, o Concello nunca mellor estivo. Como hai que promocionar máis, diga vostede cómo, presente propostas, hai que ser máis rigurosos e máis serio. Estase a falar dun terreo que se está normalizando agora e que os veciños estaban pagando do IBI dunha instalación municipal.

Intervén D. Emilio José Sánchez sinalando que puideron ver na prensa que o Conselleiro de Cultura vai promocionar na Ribeira Sacra unha especie de simposio ou charlas dun congreso internacional, agarda que se exerza de capital da Ribeira Sacra.

Intervén D^a Katherinie Varela agradecendo a aclaración do Sr. Alcalde. Di que non poden falar do pasando e excusando a súa xestión no pasado, ao principio da intervención xa dixo que estaban de acordo. Tampouco espere que lle fagan aquí unha proposta que debe de ser de turismo, eles lle traen ideas, non lle van dar ideas, xa trouxeron durante tres anos propostas.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que eles non queren copiar ideas ningunhas, gracias que eles as van tendo. Lembra que o chamou o sr. Conselleiro cando ía retirar para ver se entre todos apoiaban, fíxese vostede entre o comportamento duns e doutros, e díxolle que non lle preocupara que ía ter en conta canda elaborara outra proposta, que non veña dicindo que é cousa de todos. Despois do que pasou hai que esperar cola, xa se verá a quén lle toca presentalo diante do Goberno de España e despois diante da Unesco, e logo fala vostede que a xente pensa que o Mirador é de Sober. Fíxense vostedes que hai xente que ten relación co Concello de Sober, aínda non resolveron o expediente de deslinde do polígono, a Xunta leva cinco anos sen resolver, díxollo á Directora Xeral de Administración Local, cando lle dea a razón a Monforte, Sober vai ter que tumbar parte do Plan Xeral, pero agora Sober quere que o Vidual sexa de Sober, e o prantexouno no Catastro e no Plan Xeral, no medio do territorio de Monforte a un pedaciño de Sober, di que eles van defender os intereses de Monforte.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

8º.- CORRECCIÓN ERROS RPT CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

O Secretario Xeral emite o seguinte informe que se transcribe a continuación:

insuficiente, supón unha inversión de máis de 4.600.000,00 de euros. A inversión que fai a Confederación, fala por si soa, non soamente fala de depurar o actual polígono, máis o crecemento cara ao futuro, coa posibilidade de que duplique o que hai agora mesmo, entrará en funcionamento por módulos, para que se habitúe o seu funcionamento. Esta depuradora as augas residuais, van ser entubadas dende o polígono ata a depuradora de Piñeira de tal que o regato do Carballo recuperará a súa vida. Cre que non debe haber dúbidas en canto á sinatura deste Concello.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que dende o punto de vista do BNG non admite dúbidas algo que é preciso e necesario. Fala do incremento do polígono esperando que sexa máis cedo que tarde e sobre todo con vistas no polígono que hai, ademáis que é unha mellora do medio ambiente no entorno do polígono. Aмосa o seu voto a favor.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que é unha inversión que se tiña que haber feito fai moitos anos, as consecuencias xa se vían facendo os verquidos ao regato. Di que eles normalmente están bastantes contentos de todas as cousas positivas que pasan en Monforte.

Intervén D^a Katherinie Varela di que teñen que votar a favor cando traen cousas necesarias para o Concello, o que si queren aproveitar para comentar que é unha pena que non se aproveiten as melloras da Xunta para o saneamento. Di que se perden oportunidades coa Xunta de Galicia, había un entendemento antes do 2015 cun alcalde que era do BNG. Cren que hai que abrirse a colaborar con outras administracións aínda que sexan doutra cor política. Di que eles queren que Monforte se industrialice e aumenten as empresas, de aí que este contrato se execute en tempo en forma. Fala de que hai unha plataforma industrial importante, cuxos accesos están paralizados porque ao goberno central non lle interesa invertir onde o ten que facer, estando absolutamente paralizado, gastase máis diñeiro no Reboredo, pero a eles lles parece o máis adecuado é explotar outras plataformas que están preparadas para albergar industrias. Parécelles que a xestión non é a adecuada.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que dicir isto a pón á altura do betún por ser suavísimos. Vaílle dicir que teñen ideas e van seguir mellorando Monforte, o teñen claro e fan unha boa xestión por iso non teñen débeda. Di vostede aproveitar as propostas da Xunta de Galicia, non insulte, llo pide por favor, a conselleira D^a Etel pediulle que participara nos convenios coa Confederación e non quixo, non devolver un duro do canon que pagan os veciños de Monforte. Sabe vostede en que consistiu aquilo unha carta que se mandou ao ministerio, e que o estado de 10 millóns ao Concello de Monforte, pero a Xunta non daba nada, dese diñeiro que da depuradora de Santiago que non se ía facer, viñera para aquí. Que vostede diga ese tipo de cousas é que a desacreditan. Fala vostede da potabilizadora de Ribasaltas nalquen momento facía falla dous deputados do Bloque, foi unha enmenda do bloque aos presupostos do Estado, pero como conta esas cousas senón sabe a historia deste pobo que lle conten a verdade. E logo xa, falar do Porto Seco de verdade é que iso é insultar claramente ós monfortinos, pois acábeno. Tiña que haber dous muelles de carga e soamente hai un, tiña que estar a comunicación feita e non está, a Xunta non quere facelo, de feito rebaixou nos presupostos de 700 a 500.000,00, claro como non o van gastar. No ano 2003 gobernado o Sr. Aznar hai unha orde do Ministerio de Fomento que dicía que cando uha administración executaba unha obra principal, se había que facer outras obras menores habería que acometelo no mesmo proxecto, é unha norma que quitaron vostede, cúmplana. O problema é de querer facelo son 850 metros, son vostedes que non queren,



SECRETARIA

en segundo lugar, se estivo desbrozamento ao tonto, están sen entregar as parcelas de zonas verdes que son municipais e que é unha cesión obrigatoria, están sen entregar. Sabe o que fan os demais no polígono o que hai que facer. Vir agora dicir o do Porto Seco, non veña vostede con historias, o Porto Seco veuse inaugurar polo Sr. Feijoo e deixaronno sen depuradora. Fala doutra historia que se está concendo que afecta ao resto dos pasos a nivel, de momento o que está é o da estación, e logo di que este alcalde vai gastar diñeiro no polígono, as parcelas as cedeu gratis a deputación, non se gastou un euro neses terreos, lóxicamente o plan de recalificación deses terreos, eso si que o pagará o Concello, solo faltaría, a realidade é esta, que non a enganen, todo o que dixo vostede aquí é mentira.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que o tema respecto ao Porto Seco xa falará na iniciativa do Partido Popular quere ceñirse ao tema e non quere que lle acusen de facer pinza co alcalde.

Intervén D^a Katherinie Varela que entende que a vostede non lle gusta cando din cousas que son verdade, non pode negar as inversións que as houbo, antes do 2015, e non 2018 houbo unha para a depuradora do polígono, non lle gusta que a Xunta de Galicia invirta en Monforte, o do Porto Seco vostedes están encantados de que esta bloquedo, non fai nada porque se desbloqueen eses accesos. O que vostede non pode facer é enfrentarse aos conselleiros, como chamou vostede á consellería de infraestruturas “veneno político”, con ese tipo de comentarios son os cidadáns de Monforte, houbo maior colaboración co anterior alcalde porque ata o 2015 houbo maiores aportacións, despois quere mellorar o polígono, deberá mellorar os accesos ao polígono dende a N-120.

Intervén o Sr. Alcalde é certo que a xunta no ano 2018 é certo que deu diñeiro para reparación da depuradora. Fala do encargo a Augas de Galicia para a depuradora, pero iso fíxose na súa etapa aquí, non foi despois soamente co goberno de D. Severino, e iso caducou ese estudo que fixo Augas de Galicia, hoxe as necesidades do saneamento serían moito máis. O único que ten que facer vostedes é facelo, iso está desbloqueado e facelo ata a N-120, non a van cambiar, e logo aínda nin siquera dixo como ía ser, iso saíu na prensa de que ían arranxar esa estrada, se a víu, vaise mellorar, di vostede luces, se as luces están todas cambiadas, é o Concello que ten todas as luces led. Xa lle dará detalles de como vai ser arranxo e algún cousa máis.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto

10º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOLICITANDO O INDULTO PARA ROCKY MYERS.

O ditame é favorable á proposta, con sete votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-Esperta Monforte), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta:

“O vindeiro 10 de outubro conmemórase o “Día Internacional contra a pena de morte”. Tendo en conta que hoxe en día son moitos os países onde aínda se mantén a práctica



SECRETARIA

inhumana, é compromiso deste Concello traballar nos ámbitos da súa competencia para conseguir a desaparición definitiva da penad e capital.

Dende Amnistía Internacional déronnos traslado da situación de Rocky Myers, home de raza negra de 61 anos de idade, que se atopa no corredor da morte no Estado norteamericano de Alabama, dende hai case trinta anos. Un caso no que esta ONX leva traballando dende hai uns meses por considerar que Rocky Myers está encarcerado pese á falta de probas que o impliquen no asesinato polo que foi condenado e o suponer que os prexuízos raciais afectaron ao xuízo, cun xurado composto por once, de doce, persoas de raza branca e coa defensa de oficio encomendada a un abogado vinculado durante anos ao Ku Klux Klan.

Consideran tamén que o xuíz impúxolle a pena de morte pese a que o xurado que o declarou culpable votou pola imposición da cadea perpetua, práctica xudicial de agravamento da pena actualmente prohibida en Alabama, pero sen efectos retroactivos.

Á vista do que antecede, PROPONSE ao Pleno que se adopte o seguinte acordo

- *Solicitar á gobernadora de Alabama o indulto para Rocky Myers*
- *Solicitar á gobernadora de Alabama unha moratoria na aplicación da pena de morte como paso previo á súa total abolición no Estado de Alabama.*
- *Dar traslado deste acordo á gobernadora de Alabama, á Embaixada de Estados Unidos e a grupo de Lugo de Amnistía Internacional. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde explicando a declaración institucional.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que está a favor, dicindo que é triste que en países demócratas que haxa no seu propio país este tipo de condutas xudiciais, é triste no século onde estamos haxa este tipo de condutas.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez sinalando que están favor dos dereitos humanos.

Intervén D^a katherinie Varela dicindo que amosan o seu voto a favor. Manifesta que a pena de morte deber ser radicada. Fala de que a pena de morte se leva a cabo noutros países do mundo, dicir que lles gustaría que por parte deste goberno local, o mesmo traen esta iniciativa e amosan a súa solidadriedade, tamén demostrar ao mellor concretamente cos delitos de agresións sexuais, ver solidariedade co pasa no noso Estado e no noso país.

Intervén o Sr. Alcalde di que efectivamente concorda con D^a Katherinie en parte porque efectivamente a pena de morte tamén as hai noutros países. Di que eles non traen porque queiran senón porque o pediron. En relación co tema da lei “sí é

SECRETARIA

sí”, vostedes xa ao arranxaron en Castela León. Vostede o pedería traer aquí e dependendo como o enfoquen se podería votar a favor.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto

11º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE PARA FACER CUMPRIR O REGULAMENTO XERAL DE CIRCULACIÓN.

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez Grupo Mixto-BNG e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“Facer cumprir o establecido no Regulamento xeral de circulación de forma xenérica para as vías de un único carril por sentido de circulación establecendo a velocidade de 30km/h”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que o se vai votar é da velocidade a 30 km/h, a probabilidade de morte por atropelo vai inferior a outras velocidades e crése que se podería contar dunha forma potencial os falecidos ou vitimas. Cren que a Policía Local e, neste caso, quen ten a ferramenta, ou de dotar dalgún tipo de ferramenta para facelo. Ten pedido noutras ocasións, campañas de concienciación en xeral sobre o tráfico, porque cre lembrar cada pouco a Dirección Xeral de Tráfico a nivel estatal fai as súas campañas, pero dende o Concello pódense facer dunha forma máis modesta.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que está de acordo coas limitacións de velocidade, obviamente si que hai unha conxestión de tráfico nalgunhas zonas, sobre todo nas zonas de saída e entrada dos colexios, polo que é necesario reforzar a sinalización ser máis exhaustivo coa velocidade no casco urbano e, xa que se está falar do tema do tráfico cren que é importante potenciar e fomentar aquelas actuacións que liberen o tráfico. Incluso en relación coa moción do compañeiro do Bloque é unha cuestión do medio ambiente de non contaminar, vostede podería aproveitar D. Germán que ao mellor que a ponte do Malecón vai ter maior tráfico no centro.

Intervén D. Ibán Torres di que efectivamente o artigo 50 di o que di. Di que se substituíron as sinais verticais por outras novas, polo tanto o Concello cumpriu coa lexislación vixente, para o alcalde e o equipo de goberno a seguridade é fundamental. Di que salvo despiste, emerxencias, non se cumpra o regulamento, esta moción que si un se da un paseo por Monforte o poco respecto que algúns mostran ás normas de tráfico, di que iso o dí vostede o de “pouco respecto”, o problema radica en que algúns conductores que non respectan as normas, aínda que esa clase de conductores son os menos numerosos. Agora ben, vostede acude a este pleno describindo unha situación alarmante e caótica respecto do tráfico, coa que están en desacordo. Hai que ser rigurosos cos datos que se aportan, o estudo ao que se



SECRETARIA

refire a súa información non atopou ningún ese estudo, non sabe si se refire a un estudo de fai tempo do RACE onde se menciona os sinistros das cidades de menos de 20.000 habitantes, pregunta de onde quita esa información. Este Concello actúa e o Corpo da Policía e cumpren co seu traballo, resultalle curioso que cando o Corpo de Policía Local actúa conforme á lei, que sucede, que vostede acusa ás veces, pero si é certo a este goberno de ter un afán recaudatorio.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que eles non están absolutamente en contra de que a Policía Local fagan a súa labor. O que si din que é un sinsentido que non se circula a 30, nin eles din que a Policía Local non fai o seu traballo, non poden dicir que en Monforte se circula a 30, o que lles gustaría é que fagan cumprir o que di o regulamento de circulación. Non pode dicir que a circulación en Madrid é como a de aquí, que se poñen multas, o único que din é que se é posible facer que se cumpra esa norma e se faga que en Monforte se circula a 30 e se puidera quitar a circulación do centro.

Intervén D. Ibán Torres sinala que xa lle está dicindo que xa se cumpre. O que pón de manifesto, non se pode afirmar que cando se aplica a lei sancionadora, se fai con afán recaudatorio. Non lle queda nada que aplicar da lexislación vigente, de acordo coa lexislación se está facendo cumprir a mesma. A moso o voto en contra.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que se alegran de que voten en contra. Fagan o que queiran en Monforte non se circula a 30 porque ve un montón de xente que non o fai. Queixase de ter un policía aquí todos os días, con respecto ao tema da recadación, se vostede no 2022 teñen 50.000,00 euros, e se no 2023 teñen 90.000,00 parece un afán de recadación, vostede dea un paseo, non se circula a 30, o que pretenden é que Monforte circule a 30.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D^a Katherinie que é conveniente, vostede di que a ponte vai ter máis tráfico no centro e iso é xustamente ao revés, o tráfico que virá da zona da Corredoira e da Santa Clara é da actual ponte vella, e logo hai moitos que van ir á zona do hospital sen vir á ponte nova, xustamente ao revés. Cara á parte do Malecón non vai vir máis tráfico do que ven pola ponte vella, polo tanto quita o tráfico do centro, está estudiado xa se dará a coñecer cando toque. Se tiveran afán recaudatorio estarían funcionando as cámaras. Di vostede radares, igual haberá que rematar poñendoos, de momento non o teñen pensado, e logo Monforte é unha cidade libre, a norma fala de 20, 30 ou 50, e porque a vostede se lle meta nos cascos pois non, e iso está posto cando entrou en vigor a lei o fixo no seu informe do inspector da policía local.

Sometido o asunto a votación, rexeítase por maioría, con onve votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto

12º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR O GOBERNO CENTRAL A EXECUCIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO DO TRAMO DE 7,7 KM DA A76 CORRESPONDENTE A CIRCUNVALACIÓN DE MONFORTE DE LEMOS. ENLACE DE MONFORTE ESTE-BABELA.



SECRETARIA

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e dos concelleiros do Grupo Mixto, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

"1. Que se inste o goberno central a execución do contrato para a redacción dos proxectos de trazado e construción do tramo 7,7 km de autovía A76 Monforte Este-Babela.

2. Que se de traslado de esta proposta de acordo a Dirección General de Carreteras dependente do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana".

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción presentada.

Intervén D^a Katherinie Varela dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que vai aproveitar do que é a A-76. Antes folouse do turismo, hai que dicirle á xente a realidade, A-76 é incompatible con ser Patrimonio da Humanidade, hai que traballar para solucionar o problema da N-120, hai un proxecto que se remate. Hai que saber que as infraestruturas son boas e necesarias, que é prioritario? Tamén é imopotantísimo o desdoblamento do corredor para Lugo. En definitiva, non se queren que sexa papel pelota, que os parlamentarios do PP se adican a facer algo, e viceversa , con respecto ao Porto Seco, o mesmo traballo que fan os deputados no Congreso, pero tamén hai outros compñeiros onde se fixo unha pregunta á Vicepresidencia Segunda, donde asumen a Xunta o atraso ou digamos as competencias que ten que facer no Porto Seco, onde é certo que fala de que ADIF, marcou unhas pautas, a Confederación Hidrográfica marcou unhas pautas, a Xunta de Galicia din que están nelo, hai cousas que hai que escoitar que son, non se van botar antes o carro que os bois, a que traer iniciativas cun mínimo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que isto da A-76 da N-120, sempre se están tirando a pelota, é unha infraestrutura importante, para eles tamén é importante Monforte-Lugo, eles van apoiar o que sexa bo para Monforte, si que é certo que están nun xogo político, pide que se centren o que corresponde a Monforte.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que é lamentable que vostede e o Partido ao que pertence non sexa coñecedores do estado do proxecto da A-76, achacando a excusa do impacto medioambiental. Este tramo de autovía unirá a comarca do Bierzo con Ourense, está programada para finais deste ano, lembra que finais de novembro tivo unha reunión entre representantes de transportes, mobilidade e axenda urbana, xa nesta reunión anunciouse que a licitación da A-76 será a finais deste ano. Esta licitación do primeiro tramo figura nos presupostos do Estado, polo tanto hai que esperar aos prazos establecidos. Vostede debería ser coñecedora de que os proxectos teñen un desenrolo e un final e aínda a pesar do que escoitaron do Porto Seco, o que resulta difícil de crer é que vostede non sexa coñecedora do que se está falando. Sobre todo cando vostedes gobernan hai recortes Sociais, paralizacións de infraestruturas para logo pedir o que non fan. Amosa o voto en contra da moción.

Intervén D^a Katherinie Varela dicirle a D. Emilio que non lle acusen de facer pinza co partido socialista, parécelle un xogo dunha partida de tenis, vostede forma parte do



SECRETARIA

gobierno no momento que un deputado do seu grupo político dalle apoio ao grupo socialista, e o mesmo sucede na Deputación de Lugo. En canto de que A-76 non se vai levar a cabo porque pode vulnerar os requisitos do Patrimonio da Humanidade. En canto ao que comenta o compañeiro D. Ibán Torres entende que si que hai algún tramo que xa está licitado, o que lles alegra, este tramo en concreto que o proxecto que se licita no 2018 está pendente de que se remate. Di que non teñen porque coñecer as cousas con exactitude, pero eles en concreto gustaríalle que fose unha realidade. En relación coa seguinte moción, comentan que a podían retirar ou non.

Intervén D. Emilio José Sánchez facer pinza é aplaudirle ás grazas do Sr. Alcalde neste Pleno, o funcionamento no Parlamento, vostede sabe o que se votou no Parlamento. Di que el non dixo que non se podía facer a autovía, dixo que non era compatible en moitos sentidos, ao mellor hai que escoller ou ser Patrimonio da Humanidade ou ter autovía. Di que o teñen que falar é traballar na 120 que é o que se ten agora, xa se trouxeron iniciativas da 120, ao mellor o que se vai facer agora é por tramos. Daquela gobernaba o Partido Popular, despois de 10 anos, seguimos o mesmo, e iso é así, e con respecto ao Porto Seco é o mesmo.

Intervén D. Ibán Torres o da pinza o peor é cando se va. Como vostede fala do Porto Seco, vostede é coscientes dos beneficios que houbese un muelle de carga, fálase de postos de traballo, todo iso que deixaron na cuneta. Un muelle de carga supón 50 metros de carretera, volve insistir en que a moción non a van aprobar, por favor do Porto Seco sendo do Partido Popular daríalle vergoña, co que fixeron vostedes, porque soa a tomadura de pelo.

Intervén D^a Katherinie Varela se lles importara o Porto Seco traerían unha iniciativa para o Porto Seco, vostedes aplauden que estea así. Eles traen esta moción lles parece ben que se melloren as infraestruturas, este tramo está paralizado, comentar en relación á N-120 que efectivamente tamén para valorar gustaríalle que lle especificara un pouco máis que hai planeado.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que vai dar unha información que vostede posiblemente non coñeza e ao mellor algún máis tampouco. Vostede cando trae unha iniciativa sempre se queixa de pedirle á Xunta pero vostede non se queixa de pedirle ao goberno central. Vostede fala de aparente pasividade, xa verá como este alcalde fai. Na etapa de ministro de José Blanco a Xunta do Sr. Feijoo bloqueou o informe medio ambiental da Serra da Lastra e polo tanto non puido obter as subvencións. Naquela etapa os deputados e senadores do PP de Lugo e de Ourense reuníase aquí e pedíanlle ao goberno de Zapatero que edificara con urxencia o proxecto de obra. Perde as eleccións Zapatero, gaña Rajoy e non moveu nin unha pedra, tivo que vir agora este proxecto malísimo, nembargantes chámalle presidente ao Sr. Feijoo pero non é presidente de momento é aspirante, neses 8 anos non fixeron vostedes nada, e logo hai unha cousa, o impacto que A-76 vai ter en determinada zona da Ribeira Sacra, o paso do río Sil á altura de Pombeiro, e logo máis adiante volve a cruzar o Miño para ir a Cambeo. Os de Pantón chegan antes que pola autovía, é un bo momento fai uns anos, dixo que dende Babela apra adiante non debería por Pantón, debería ir cara a Chantada porque aí hai unha autovía a A-72, enlazar coa A-76 en Chantada, a diferenza era cinco minutos, de ir vía por Chantada. Esas cousas hai que sabelas e ten razón que o impacto da Ribeira Sacra é incompatible co Patrimonio da Humanidade, ía ter menos impacto a ponte de arriba. A plataforma do Porto Seco, hai dúas



SECRETARIA

partes, vía de cemento que esa é do estado, do ADIF, esa plataforma vaise ampliar, vai ser máis longo, un tren podería levar cargados 50 camiós, dígalle á Xunta que espabile e faga o resto. Con respecto a 120 están aprobados 15 kms, o que si estudiando o estado en que certos sitios poñer terceiros carriles. Se non se fía do que lle dixo o voceiro nos presupostos do Estado esta esa parte de León onde van empezar.

Sometido o asunto a votación, rexéitase por maioría, con onve votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e catro votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez, Grupo Mixto-Esperta Monforte!, dos concelleiros e unha abstención de D. Emilio José Sánchez, Grupo Mixto-BNG.

13º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR O GOBERNO CENTRAL A REHABILITACIÓN INTEGRAL E PERMANENTE DO FIRME DA N 120 NO TRAMO QUE CORRESPONDE Á PROVINCIA DE LUGO.

O ditame é favorable á proposta, con dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e dos concelleiros do Grupo Mixto, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

"1. Que se inste o goberno central, en concreto o Ministerio de Transportes, Movilidad e Agenda urbana, a levar a cabo un plan de actuación de mellora integral e permanente do firme da Nacional 120 o seu paso por Monforte de Lemos.

2. Dar traslado de este acordo o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana".

Intervén D^a Katherinie Varela deixando a moción aparcada esperando a que se execute esa rehabilitación que din que xa está nos orzamentos.

14º.- MOCIÓN DO BNG PARA A CREACIÓN DE PUNTOS DE RECARGA PARA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias Grupo Mixto-BNG e nove abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez Grupo Mixto-Esperta Monforte, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

"Instar ao goberno municipal a que impulse a creación de puntos de recarga para vehículos eléctricos".

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura á moción presentada. Di que as ventaxas que ten a nivel medioambiental, o futuro máis cercano é pasar por ese tipo de vehículos. Si que é o futuro. Existen de recarga eléctrica total, híbridos enchufables, e híbridos non enchufables. Di que eles queren que ademáis disto despois de ver en Fitur, saber que moitos que nos visitan, aluganse coches carecendo de puntos de recarga. Non traen os puntos, din que se verían facer catro, un no polígono, no Concello, outro no aparcamento do hospital, non queren puntualizar cal é o sistema, e despois en vez de contratar unha



SECRETARIA

empresa externa, que a empresa faga a construción, en definiiva o que queren é que se impulse esta cuestión.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que van apoiar esta moción.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que van apoiar esta iniciativa, calquera medida que contribúa á diminución da contaminación. Aproveita para dicir que existen actualmente en vigor unha axudas da Xunta de Galicia, financiadas con fondos europeos, para recarga de vehículos eléctricos, hai unha liña onde as entidades locais poden solicitar esas axudas.

Intervén D. Ibán Torres vai aproveitar para dicir unha cousa, queren felicitar a D^a Katherinie polo seu nomeamento como candidata ás eleccións e dicirille que tamén lle teñen moito cariño todos e cada un dos membros do equipo de goberno. Di que coinciden con D. Emilio na calidade da mellora da vida, coinciden na consideración do vehículo eléctrico é unha alternativa de futuro. Non poden estar de acordo con esa necesidade imperiosa de puntos de recarga de Monforte de Lemos. Agora mesmo hai tres puntos de recarga na cidade, en breve anunciarase contarase doutros dous en lugares de interese doutros dous, apenas hai 10 vehículos en Monforte segundo a información coa que conta, co que consideran que o servizo estaría máis que cuberto. Non cren que nestes momentos sexa necesario.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que el de enchufes non falou nada. Fala vostede de tres puntos de recarga de vehículos eléctricos públicos, pregunta se son de dominio público, no Mercadona está nun inmovible, fala de recargas de vehículos de dominio público. Hai que se fala de impulsar unha rede, se vostede din que son suficientes, pero ao mellor hai xente que queira visitar ou xente que queira mercar un coche, incluso pode darse beneficios.

Intervén D^a Katherinie Varela da as grazas por felicitala. Dicir que apoian esta iniciativa, que actualmente hai subvencións para a axuda da implantación destes puntos de recarga.


Intervén D. Ibán Torres dicindo que os que hai non son públicos e gratuitos. Fala da imprecisión, hai que dar datos máis obxectivos. Entenden que está cuberto.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que foi o máis escueto posible, enténdese en espazos públicos e despois a xestión o Concello pode facer como o considere. En todo caso esperan a que cheguen eses puntos. Eles propoñen e vostedes dispoñen.

Sometido o asunto a votación, rexeítase por maioría, con onve votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e cinco votos a favor favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

15º.- INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA (DE 21.12.2022, 28.12.2022 E 31.12.22 (2))



SECRETARIA

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

16º.- DACIÓN DE CONTA INFORME DO CONTROL FINANCEIRO DAS ACTUACIÓNS REALIZADAS NO ANO 2022.

Dáse conta do informe de control financeiro das actuacións realizadas no ano 2022, a efectos de cumprir co disposto no apartado 3 do art. 31 do RD 424/2007.

17.- DACIÓN DE CONTA DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO APROBADO PARA O EXERCICIO 2023.

Dáse conta do Plan Anual de Control financeiro aprobado polo exercicio 2023, ao abeiro do disposto nos artigos 213 e 220 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o control interno da actividade económico financeira local nas súas dúas modalidades, función interventora e control financeiro.

18º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Rogo do BNG RE 75 sobre verteduras no río Cabe, que o Concello faga un seguimento intensivo a respecto da calidade da auga de consumo.

Rogo Esperta Monforte! RE 1206, retírao o presentante do mesmo.

Rogo Esperta Monforte ¡sobre roturas de tubaxes na rúa Ourense.

Pregunta Esperta Monforte! RE 1207

Por qué non se poñen barreiras de distintas alturas por parte da Deputación, para evitar posibles accidentes e dar unha fluidez seguro ao tráfico neste punto da parroquia de piñeira?

Resposta o Sr. Alcalde en relación co rogo que non hai roturas na rúa Ourense, ese dato non é correcto. Ese de mellora na tubaxe está recollido dunha forma moi singular do contrato e fala desa posibilidade de esixirillo á empresa. En relación coa pregunta ten que facerlla á Deputación, aquí está como alcalde.

Pregunta do Partido Popular RE 1816

Canto lle custa ao Concello a limepza do río mentres non se arranxa a Presa da Pinguela?

Resposta o Sr. Alcalde que ao Concello non lle custa nada porque ese é traballo da Confederación.

Pregunta do Partido Popular RE 1816

¿Qué outra promoción máis singular da cidade de Monforte houbo en Fitur?



SECRETARIA

Resposta o Sr. Alcalde foron múltiples estiveron no stand de Turespaña, cada media hora esta nun sitio. Polo tema dos monumentos do noso Concello, no stand de Galicia, na presentación da Asociación de Hosteleiros, estiveron no stand de Galicia, a presentación do Consorcio de Turismo Ribeira “manual de boas prácticas”, estiveron na cena-coctel que se ofreceu na Casa de Galicia, dirixe o que foi alcalde de Portomarín, no stand da rede de xuderías, estiveron na presentación do portal de turismo. Estiveron no stand de Galicia na presentación da Campaña Vive Lugo, no stand de Castillos e Palacios de España, na Casa de Galicia noutro acto dos hostaleiros de Galicia e estiveron na presentación de Expomaco tamén na Casa de Galicia.

ROGOS PARTIDO POPULAR RE 1824

Rogo 1. Que se priorice o barrio da Estación nas medidas a tomar na renovación das tubaxes da rede de abastecemento que se atopan neste barrio.

Rogo 2. Que desde o goberno local se faga presión a Adif para o arranxo inmediato do firme da Praza da Estación.

Resposta o Sr. Alcalde en relación cos rogos, que a el lle gustaría que non houbera ningunha avería de auga, pero tamén é certo que vostede sabe que averías levan habendo nos últimos tempos, houbo moi poucas, quitando algunhas da zona do Morín e na zona Dr. López Suárez. Por outra banda, ao rogo II da Praza da Estación, a praza é de ADIF, a beirarrúa é do Concello, esa está incluída dentro da reparación da Estación, é máis hoxe mesmo ADIF podería pechar a praza da Estación, evidentemente lle dixeron que estaban nelo, entraría dentro do arranxo da praza a eliminación desas fochancas. .

PREGUNTA “IN VOCE “ DO BNG

Tema da auga que baixaba con moito lodo, tamén teñen coñecemento da cantidade de impurezas que traía a sedimentos. Querían saber se o Concello fixo algún tipo de exames coa calidade da auga.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que cando chove calquera río vai lodoso, os análises fanse a diario, iso de auga loda foi dunha rotura, na potabilización da auga todas esas impurezas desaparecen. Polo tanto tranquilidade que a potabilización da auga faise con ozono, está garantizada a calidade da auga de Monforte.

ROGO “IN VOCE “ DO BNG, averías nas beirarrúas da rúa Ourense con badenes de distintos niveis, rogan que se fagan un proxecto integral das beirarrúas.

Resposta o Sr. Alcalde que unha vez superados os baches as beirarrúas están ben.

Remata a sesión sendo ás once horas e trinta e tres minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

SECRETARIA

Vº e Pce

O ALCALDE